



## **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA**

### ANTECEDENTES

Segundo resolución definitiva de data 12 de decembro de 2016 (BOE 14/12/2016) da Secretaría de Estado de Presupostos y Gastos, seleccionouse e concedeuse axuda á Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (EDUSI) presentada polo Concello de Vilagarcía de Arousa denominado EDUSI “Vilagarcía Avanza” e que será cofinanciada a través do Programa Operativo de Crecemento Sostible FEDER 2014-2020.

Ademais, o Concello de Vilagarcía de Arousa como Entidade Beneficiaria e como Organismo Intermedio do FEDER para a selección de operacións, con data 16 de decembro de 2016 subscribe Acordo de Compromiso en materia de asunción de funcións para a Xestión FEDER do Concello de Vilagarcía de Arousa, Anexo VII do Manual de Procedemento Vilagarcía Avanza.

Con data 11/11/2021 o Comité de Dirección da EDUSI aprobou una nova versión do Manual de Procedemento de “Vilagarcía Avanza 2020” que afecta á xestión da EDUSI.

Vistos os antecedentes e de conformidade co artigo 43 e seguintes do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e o Réxime Xurídico das Entidades Locais esta Alcaldía-Presidencia, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente,

### **DECRETA:**

**Primeiro:** Efectuar as delegacións especiais relativas, á Estratexia DUSI “Vilagarcía Avanza” do Programa Operativo de Crecemento Sostible FEDER 2014-2020 no marco do Manual de Procedemento Vilagarcía Avanza 2020, aprobado unha nova versión con data 11/11/2021 polo Comité de Dirección de EDUSI, nas seguintes unidades e a favor do persoal do Concello de Vilagarcía de Arousa nomeado a continuación:

#### 1. COMITÉ DE DIRECCIÓN:

- 1.1. Presidente: Alcalde-Presidente do Concello de Vilagarcía de Arousa, D. Alberto Varela Paz.
- 1.2. Vicepresidenta: Concelleira de Urbanismo e Mobilidade, Dona Paola María Mochales
- 1.3. Secretaria: Concelleira de Economía e Facenda, Dona Luz María Abalo Pérez

#### 2. COMITÉ DE SEGUIMIENTO:

- 2.1. Presidenta: Concelleira de Urbanismo e Mobilidade, Directora EDUSI e Vicepresidenta do Comité de Dirección.
- 2.2. Auxiliar Administrativa da EDUSI. Secretaria do Comité de Seguimento.
- 2.3. D. Manuel Franco Leis, Xefe do Departamento de Recursos Humanos.





- 2.4. Responsable do Obxectivo Temático OT2 “Mellorar o uso e calidade das tecnoloxías da información da comunicación e o acceso ás mesmas” a favor do Concelleiro dos Servizos de Promoción Económica, Emprego, Xuventude, Turismo, Novas Tecnoloxías e Administración Electrónica D. Alvaro Carou García.
- 2.5. Responsable do Obxectivo Temático OT4 “Favorecer o paso a una economía baixa en carbono en todos os sectores” a favor da Concelleira de Urbanismo e Mobilidade Dona Paola María Mochales.
- 2.6. Responsable do Obxectivo Temático OT6 “Conservar e protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos” a favor do Concelleiro de Obras e Servizos D. Lino Mouriño Santiago.
- 2.7. Responsable do Obxectivo Temático OT9 “Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera outra forma de discriminación” a favor da Concelleira de Servizos Sociais, Igualdade, Persoas Maiores e Sanidade Dona Tania García Sanmartín.
- 2.8. Xefa do Departamento de Contratación.
- 2.9. Interventora Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa ou persoa delegada.
- 2.10. Responsable de Comunicación.
- 2.11. Membro da Asistencia Técnica Externa se procede.

### 3. UNIDADE DE XESTIÓN:

- 3.1. Concelleira de Economía e Facenda Dona Luz M<sup>a</sup> Abalo Pérez.
- 3.2. Interventora Xeral.
- 3.3. Xefe do Departamento de Recursos Humanos.
- 3.4. Auxiliar administrativo da Intervención Xeral.
- 3.5. En caso de situacións nas que se deba substituír ao persoal desta unidade, a política de substitución será a seguinte:
  - 3.5.1. Substitución da Titular Concelleira Delegada de Economía e Facenda,: Alcalde-Presidente do Concello de Vilagarcía de Arousa.
  - 3.5.2. Substitución da Interventora Xeral: Tesoureira Municipal





3.5.3. Substitución Xefe do Departamento de Recursos Humanos: Técnico de Administración Xeral Departamento de Secretaría.

3.5.4. Substitución Auxiliar do departamento da Intervención Xeral: Auxiliar do departamento da Intervención Xeral.

#### 4. DIRECTORA EDUSI:

4.1. Concelleira de Urbanismo e Mobilidade. Directora EDUSI,

4.2. En caso de situación na que se deba substituír á directora EDUSI, será o Alcalde o que a substituíra.

#### 5. UNIDADE DE SEGUIMIENTO E COORDINACIÓN:

5.1. Responsable: Concelleira de Economía e Facenda.

5.2. Auxiliar Administrativo.

5.3. Responsable de Comunicación.

5.4. Así mesmo, poderase requirir o apoio dunha asistencia técnica externa para o soporte das funcións atribuídas á Unidade de Seguimento e Coordinación.

#### 6. RESPONSABLES OBXECTIVOS TEMÁTICOS:

6.1. Responsable do Obxectivo Temático OT2 “Mellorar o uso e calidade das tecnoloxías da información da comunicación e o acceso ás mesmas” a favor do Concelleiro dos Servizos de Promoción Económica, Emprego, Xuventude, Turismo, Novas Tecnoloxías e Administración Electrónica D. Alvaro Carou García.

6.2. Responsable do Obxectivo Temático OT4 “Favorecer o paso a una economía baixa en carbono en todos os sectores” a favor da Concelleira de Urbanismo e Mobilidade Dona Paola María Mochales.

6.3. Responsable do Obxectivo Temático OT6 “Conservar e protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos” a favor do Concelleiro de Obras e Servizos D. Lino Mouriño Santiago.





6.4. Responsable do Obxectivo Temático OT9 “Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera outra forma de discriminación” a favor da Concelleira de Servizos Sociais, Igualdade, Persoas Maiores e Sanidade Dona Tania García Sanmartín.

**Segundo:** A presente delegación especial efectuada a favor dos/as Concelleiros/as citados que se citan no presente Decreto, conleva a facultade de emitir actos que afecten a terceiros, durante o tempo de execución da Extratexia DUSI “Vilagarcía Avanza”, sempre e cando non se trate de competencias que están delegadas na Xunta de Goberno Local.

**Terceiro:** O Alcalde, en calquera momento, poderá asumir as atribucións delegadas por esta resolución, sen prexuízo de poder avogar en calquera momento as competencias delegadas con arranxo á lexislación vixente sobre procedemento administrativo común.

**Cuarto:** As precedentes delegacións deberán ser aceptadas polas persoas citadas, entendéndose aceptada tacitamente si no prazo de tres días hábiles no se fai expresa manifestación renunciando á delegación.

**Quinto:** Notifíquese a presente resolución, ao persoal a favor do cal se efectuaron as delegacións especiais relativas á Estratexia DUSI “Vilagarcía Avanza”, e publíquese na sede electrónica municipal: <http://sede.vilagarcia.gal>, conforme co disposto no artigo 6 da Lei 9/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Vilagarcía de Arousa, a data da sinatura dixital

O Alcalde-Presidente

Alberto Varela Paz  
Sinatura dixitalizada

A Secretaria

Rosa Losada Suárez  
Sinatura dixitalizada

